



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL - 8 DE MARZO; APROBADA POLO PLENO DO PARLAMENTO DE GALICIA

Nesta nova conmemoración do 8 de marzo, no Parlamento de Galicia queremos celebrar que nos encontramos nun momento crucial para a vida das mulleres galegas. Por unha banda, cúmprese o 75 aniversario do voto feminino e o dereito das mulleres a ser electoras. Por outro, somos protagonistas de avances importantes na loita pola igualdade.

Hai 75 anos que as mulleres podemos decidir, a través do voto, os nosos representantes políticos. Foi unha batalla ardua, difícil e incomprendida por moitos que aseguraban que a suposta "incapacidade intelectual" das mulleres ía redundar negativamente na democracia.

Grazas á teumusía e ao esforzo daquelas mulleres, imperou a razón e hoxe o sufraxio universal é un dereito consolidado.

A celebración do 8 de marzo como Día Internacional da Muller, proporciónanos a ocasión de tributarlles unha merecida homenaxe e mirar cara adiante nos retos que temos como país.

Aspiramos a acadar a igualdade en tódolos ámbitos da vida persoal, social e laboral, intentando erradicar discriminación que converteu ás mulleres en únicas responsables da crianza da infancia, coidadoras das persoas dependentes e en consecuencia a formar parte do mercado de traballo en condicións de inestabilidade.

Debemos comprometernos por buscar fórmulas que acaben con inxustizas que se cometen desde o plano político, económico e social, reivindicando a forza da igualdade como motor da transformación social á que aspiramos en Galicia.

Un Saúdo,

Departamento de Prensa,
Parlamento de Galicia.